

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 15874** *Real decreto 1088/2020, do 9 de decembro, polo que se completa o réxime aplicable á notificación de sucesos da aviación civil e se modifica o Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea.*

O Regulamento (UE) n.º 376/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativo á notificación de sucesos na aviación civil, que modifica o Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello e os regulamentos (CE) n.º 1321/2007 e (CE) n.º 1330/2007 da Comisión (en diante, o Regulamento), ten por obxecto mellorar a seguridade da aviación civil establecendo medidas que garantan a notificación, recollida, almacenamento, protección, intercambio, difusión e análise da información pertinente sobre seguridade da aviación civil, para reforzar a detección de perigos reais ou potenciais. Este regulamento foi parcialmente desenvolvido polo Regulamento de execución (UE) 2015/1018 da Comisión, do 29 de xuño de 2015, polo que se establece unha lista de clasificación dos sucesos na aviación civil de notificación obrigatoria, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 376/2014 do Parlamento Europeo e do Consello.

Este réxime substitúe, reforzándoo, o da Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2003, relativa á notificación de sucesos na aviación civil, e, por tanto, o previsto no Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro, polo que se establece o sistema de notificación obrigatoria de sucesos na aviación civil, que deveu inaplicable na súa maior parte.

Ademais, a modificación do Regulamento efectuada polo Regulamento (UE) 2018/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2018, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 2111/2005, (CE) n.º 1008/2008, (UE) n.º 996/2010, (CE) n.º 376/2014 e as directivas 2014/30/UE e 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 552/2004 e (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, e o Regulamento (CEE) n.º 3922/91 do Consello (en diante, Regulamento base da EASA), exclúe do seu ámbito de aplicación as aeronaves civís dedicadas ás actividades de loita contra incendios e busca e salvamento que, conforme a normativa nacional, si están obrigadas á notificación de sucesos.

A dita modificación implica, así mesmo, a aplicación do Regulamento ás aeronaves non tripuladas de menos de 150 kg de masa operativa, ata entón excluídas, con exclusión dos sucesos en que estean implicadas estas aeronaves, cando non precisen dispoñer dos certificados ou declaración de conformidade a que se refire o artigo 56.1 e 5 do Regulamento base da EASA, salvo que o suceso cause lesións mortais ou graves ás persoas ou impliquen aeronaves tripuladas.

Adicionalmente, o Regulamento establece a obrigaación dos Estados membros de designaren un organismo encargado da protección da información facilitada no marco da notificación de sucesos da aviación civil, velando pola aplicación do disposto no seu artigo 16, números 6, 9 e 11.

En esencia, corresponde a este organismo vixiar que a autoridade competente para a recollida, almacenamento, protección, intercambio, difusión e análise da información en España, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, se abstén de iniciar procedementos sancionadores por infraccións non premeditadas que chegasen ao seu coñecemento só por teren sido notificadas no marco da notificación de sucesos da aviación civil, así como que nos procedementos administrativos ou disciplinarios non se emprega a información da notificación de sucesos contra os notificantes ou as persoas mencionadas nela.

Este organismo tamén pode instar, antes da súa aplicación, a revisión das regras internas adoptadas polas organizacións aeronáuticas para garantir a aplicación dos principios da cultura xusta, recibir as queixas formuladas polo persoal que presta servizos nelas por incumprimento das ditas regras ou dos principios de cultura xusta establecidos no artigo 16.9 do Regulamento, así como asesorar as autoridades sobre as vías de recurso e sancións por incumprimento das regras de cultura xusta.

En aplicación e desenvolvemento do Regulamento, este real decreto mantén o Sistema de notificación de sucesos establecido na Axencia Estatal de Seguridade Aérea, en aplicación do Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro, que se derroga, e a súa competencia para a súa xestión e o exercicio das funcións de recollida, almacenamento, protección, intercambio, difusión e análise da información sobre os sucesos da aviación civil. Ademais, este real decreto atribúe as funcións de vixilancia da protección das fontes de información destes sucesos á Dirección Xeral de Aviación Civil, ao tempo que se delimita o seu alcance.

Por outro lado, as novas disposicións do Regulamento sobre a análise da información recollida na notificación de sucesos obrigan a actualizar e axilizar os mecanismos de cooperación establecidos na normativa nacional para a análise dos sucesos de tránsito aéreo. Con este obxecto, en substitución da Comisión de Estudo e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo (CEANITA), a Axencia Estatal de Seguridade Aérea debe habilitar os mecanismos que articulen a cooperación das organizacións e profesionais aeronáuticos na análise de sucesos, entre outros, mediante a constitución dun grupo de traballo que conte cos expertos designados polas organizacións participantes na CEANITA, así como con outras organizacións e profesionais que se puideren ver concernidos polos respectivos sucesos, e estenda a súa colaboración máis alá dos sucesos de tránsito aéreo, potenciando unha maior implicación do sector no Sistema de notificación de sucesos.

Neste ámbito, atribúese á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a facultade para obter toda a información precisa para a análise e avaliación dos sucesos da aviación civil e, cando sexa necesario conforme o resultado da dita análise, o establecemento das medidas de seguridade que se deben adoptar, así como a correlativa obrigación dos destinatarios de tales medidas de informar sobre as actuacións desenvolvidas para a súa implementación.

Para a análise dos sucesos da aviación civil en que interveña unha aeronave ou dependencia militar, observárase o procedemento de cooperación que, con este obxecto, deben articular a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e o Estado Maior do Exército do Aire, conforme o previsto neste real decreto.

En relación coas actividades de loita contra incendios e busca e salvamento, ás cales non resulta de aplicación o Regulamento, establécese un sistema equivalente ao establecido na norma europea, para cuxo efecto as organizacións e profesionais aeronáuticos, civís, involucrados nelas se suxeitan ao previsto neste real decreto e no Regulamento en materia de notificación de sucesos, obrigatoria e voluntaria; recollida e conservación da información; calidade e contido das notificacións; análise e seguimento dos sucesos; e confidencialidade e uso adecuado da información e a súa protección.

Por coherencia co Regulamento, no caso de sucesos nestas actividades de loita contra incendios e busca e salvamento que impliquen aeronaves non tripuladas, as referidas obrigacións só serán exixibles ás actividades realizadas polas aeronaves que requiran un certificado de aeronavegabilidade expedido ou recoñecido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea e, noutro caso, aos sucesos que causen lesións mortais ou graves a unha persoa ou impliquen aeronaves tripuladas. Este réxime é aplicable tanto ás

aeronaves pilotadas por control remoto como ás denominadas «aeronaves autónomas», aquelas aeronaves civís non tripuladas que non permiten a intervención do piloto na xestión do voo, en virtude da modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, efectuada pola disposición derradeira primeira do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.

Ao tempo, e dado que o resto das actividades a que se aplica o réxime de notificación de sucesos establecido no Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, están incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento, modifícase o dito real decreto para eliminar este réxime.

Por último, derróganse o Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro; a Orde PRE/697/2012, do 2 de abril, pola que se establecen as normas de funcionamento da Comisión de Estudo e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo; as disposicións adicionais primeira e cuarta do Real decreto 995/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolve a regulación do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil, así como as epígrafes TAE.ORO.GEN.160, a alínea d), e TAE.SPO.GEN.105, a alínea h), do Real decreto 750/2014, do 5 de setembro, polo que se regulan as actividades aéreas de loita contra incendios e busca e salvamento e se establecen os requisitos en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas, cuxo réxime queda substituído polo establecido neste real decreto.

Este real decreto, incluído no Plan anual normativo 2020, é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Atende aos principios de necesidade e eficacia, ao dar resposta ás previsións do Regulamento, responde ao principio de proporcionalidade, ao limitarse a establecer regulación imprescindible para o cumprimento dos seus obxectivos. Garante a seguridade xurídica ao incardinarse adecuadamente no marco de distribución de competencias das autoridades aeronáuticas españolas e no resto do ordenamento; responde ao principio de transparencia, ao definir claramente os seus obxectivos e dar participación ao sector aeronáutico e é coherente co principio de eficiencia, ao non impoñer cargas administrativas innecesarias.

Este real decreto dítase no exercicio das competencias estatais exclusivas en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e, en xeral, de seguridade operacional incardinada nelas, conforme o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución española, e das facultades de autoorganización da Administración xeral do Estado, facendo uso da habilitación normativa prevista na disposición derradeira terceira da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e na disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da ministra de Defensa, en relación coa disposición adicional cuarta e coa disposición derogatoria, coa aprobación previa do, daquela, ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, oído o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto, en aplicación e desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 376/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativo á notificación de sucesos na aviación civil, que modifica o Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello e os regulamentos (CE) n.º 1321/2007 e (CE) n.º 1330/2007 da Comisión (en diante, o Regulamento), ten por obxecto:

a) Manter o Sistema de notificación de sucesos da aviación civil establecido na Axencia Estatal de Seguridade Aérea e concretar as súas funcións na xestión deste sistema, incluída a habilitación de mecanismos de cooperación que posibiliten a colaboración de expertos na análise dos sucesos.

b) Designar o organismo responsable da protección das fontes de información e concretar as súas funcións.

c) Facer extensiva a aplicación do Regulamento ás actividades de loita contra incendios e busca e salvamento realizadas por calquera aeronave civil, tripulada ou non, incluídas no ámbito de aplicación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

2. As aeronaves militares, os sistemas aeroportuarios e de navegación aérea e os servizos, actividades e instalacións adscritos á defensa nacional, así como o seu persoal, están excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto.

## Artigo 2. *Sistema de notificación de sucesos da aviación civil.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no exercicio das súas competencias en materia de xestión de riscos de seguridade da aviación civil, a xestión do sistema establecido de notificación de sucesos da aviación civil do Estado, integrado polos sistemas de notificación obrigatoria e voluntaria, previstos nos artigos 4.3 e 5.2 do Regulamento, así como as funcións de recollida, avaliación, tratamento, análise e almacenamento de datos a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento.

2. No marco do Sistema de notificación de sucesos da aviación civil, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea:

a) Poderá solicitar toda a información relacionada cos sucesos notificados conforme os artigos 4.8 e 5.6 do Regulamento, que deberá serlle remitida no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento.

b) Terá pleno acceso a calquera información ou datos dos provedores civís de servizos e produtos aeronáuticos, incluídas as gravacións e comunicacións relativas ao control do tránsito aéreo, nos termos previstos no artigo 48 bis.3 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e, en xeral, aos sistemas de captura e procesamento de voz e datos dos ditos provedores, excepto aqueles descritos no artigo 14.1 do Regulamento (UE) 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil, e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE. O acceso ás gravacións do rexistrador do voo estará suxeito a que se aplique o anonimato a tales datos, conforme o previsto no artigo 14.2 do Regulamento (UE) 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010. O anterior, en todo caso, será aplicable de conformidade coa normativa sobre confidencialidade desta información.

c) Poderá requirir aos suxeitos sobre os cales exerce funcións de supervisión a adopción das medidas preventivas e de mitigación do risco, incluídas as de carácter sistémico, que determine cando o considere necesario, como resultado da avaliación e análise realizadas no marco da notificación de sucesos, sen prexuízo das funcións de análise e seguimento de sucesos previstas no artigo 13 do Regulamento.

Cando o requira a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e no prazo previsto por ela no requirimento, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, os destinatarios do requirimento suxeitos á súa supervisión deberán informala sobre as medidas adoptadas ou en fase de estudo e, de ser o caso, do calendario previsto para a súa implementación, ou dos motivos que xustifican a súa non adopción. O incumprimento destas obrigacións poderá ser considerado unha infracción administrativa en materia de seguridade aérea das previstas no título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

d) Poderá propoñer a outros suxeitos distintos dos referidos na alínea c), incluídas as administracións públicas, a adopción das medidas preventivas e de mitigación a que se refire a dita alínea. Estes suxeitos están obrigados a facilitar a información prevista no parágrafo segundo da alínea c), no prazo previsto nel.

e) Adoptará, por resolución do director de seguridade da Axencia Estatal de Seguridade Aérea competente para a xestión de riscos en materia de seguridade da aviación civil, os modelos e formatos para a notificación de sucesos co contido mínimo previsto no anexo I do Regulamento, para cuxo efecto se terá en conta a compatibilidade cos sistemas establecidos pola Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea (EASA), así como os modelos e formatos para a solicitude da información que figura no Repositorio central europeo e no Sistema de notificación de sucesos, co contido mínimo previsto no anexo III do Regulamento.

3. A información facilitada ou obtida no marco do Sistema de notificación de sucesos da aviación civil, en canto que integrada no Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil, goza, ademais da protección prevista no Regulamento, da dispensada polos artigos 11.1, parágrafo final, 12, 18 e 19 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Adicionalmente, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea protocolizará o conxunto das medidas que adopte para garantir a aplicación da cultura xusta en relación coa información que chegase ao seu coñecemento só pola notificación de sucesos, en cumprimento do previsto no artigo 16.6 do Regulamento.

4. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea habilitará os mecanismos que permitan articular eficazmente a cooperación das organizacións e profesionais aeronáuticos na análise dos sucesos ou grupos de sucesos da aviación civil que lles concirnan e das eventuais medidas que poidan contribuir a previr ou mitigar os riscos, cando a axencia considere necesario contar coa dita cooperación.

### Artigo 3. *Vixilancia da cultura xusta na notificación de sucesos.*

1. Sen prexuízo das accións xudiciais que poida interpoñer o interesado conforme a normativa que resulte de aplicación, en defensa dos seus intereses ante eventuais incumprimentos da protección das fontes de información ou outras regras sobre cultura xusta, corresponde á Dirección Xeral de Aviación Civil o exercicio das funcións establecidas no artigo 16.12 do Regulamento para a vixilancia da cultura xusta na notificación de sucesos.

2. No exercicio destas funcións, a Dirección Xeral de Aviación Civil:

a) Emitirá informe sobre o protocolo ou protocolos que se adopten conforme o previsto no artigo 2.3, segundo parágrafo, deste real decreto.

b) Emitirá informe sobre os procedementos sancionadores que tramite a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, cando sexa preciso pronunciarse sobre a protección dos notificantes e das persoas mencionadas nas notificacións de sucesos.

c) Informará sobre as queixas que realicen os profesionais suxeitos á supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea por eventuais incumprimentos desta do deber de se abster de emprender procedementos en relación con infraccións non premeditadas que chegasen ao seu coñecemento só por ter sido notificadas, de conformidade co previsto no artigo 16.6 do Regulamento.

d) Emitirá informe sobre as queixas que formule o persoal que preste servizos nas organizacións establecidas en España ás cales resulta de aplicación o Regulamento, polas infraccións que as ditas organizacións puideren ter cometido na aplicación dos principios de cultura xusta establecidos no artigo 16.9 do Regulamento.

e) Requirirá a revisión do Regulamento interno sobre cultura xusta das organizacións a que se refire a alínea anterior, por solicitude da representación do persoal na respectiva organización antes da súa posta en funcionamento, cando o dito regulamento non satisfaga adecuadamente os principios de cultura xusta.

f) Asesorará as autoridades públicas, cando sexa requirida para iso, sobre as vías de recurso e sancións previstas por incumprimento das regras de cultura xusta.

3. No exercicio das funcións previstas no número 2, alíneas e) e f), a Dirección Xeral de Aviación Civil adoptará a decisión que proceda, logo de proposta da Axencia Estatal de

Seguridade Aérea, tras a realización das actuacións que correspondan en cada caso, incluídas, cando sexa necesario, as de inspección.

4. As queixas interpostas, de conformidade co previsto no número 2, alínea c), notificaranse á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para que esta considere os seus efectos sobre os procedementos en trámite e sobre os feitos en que se funden.

O informe ditado neste procedemento en que se constate o incumprimento de regras de cultura xusta notificaráselles ao interesado e á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, co obxecto de que esta proceda á súa emenda e á adopción das medidas complementarias que, de ser o caso, correspondan.

5. As queixas interpostas de conformidade co previsto no número 2, alínea d), trasladaranse, xunto co Regulamento interno sobre cultura xusta da respectiva organización e documentos asociados, á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, co obxecto de que esta determine se os feitos en que se fundan constitúen causa suficiente para a iniciación de actuacións previas ou a apertura dun procedemento sancionador. No caso de que se inicien as ditas actuacións previas ou un procedemento sancionador, a Dirección Xeral de Aviación Civil arquivará a queixa e notificarallo ao interesado.

Se a Axencia Estatal de Seguridade Aérea non inicia as actuacións ou o procedemento previstos no parágrafo anterior, elaborará unha proposta de informe sobre a queixa interposta, logo de realización das actuacións que correspondan en cada caso, incluídas as de inspección, de resultaren necesarias, e, atendendo á dita proposta, a Dirección Xeral de Aviación Civil emitirá o informe que proceda. Cando no dito informe se constate o incumprimento das regras de cultura xusta establecidas no artigo 16.9 do Regulamento, este notificaráselles, ademais de ao interesado e á organización responsable do dito incumprimento, á Axencia Estatal de Seguridade Aérea como autoridade nacional de supervisión da organización responsable do incumprimento.

6. Para efectos do disposto no número 2, alínea e), a Dirección Xeral de Aviación Civil notificaralle á organización correspondente a iniciación do procedemento para determinar a procedencia da revisión do seu regulamento interno sobre cultura xusta e requiriraa para que se absteña de poñelo en funcionamento.

Unha vez notificada a iniciación deste procedemento, a organización deberá absterse de poñer en funcionamento o Regulamento interno sobre cultura xusta obxecto del, mentres se resolve sobre a procedencia de requirir a súa revisión.

#### Artigo 4. *Notificación de sucesos nas actividades de loita contra incendios e busca e salvamento.*

1. As notificacións de sucesos no marco das actividades a que se refire o artigo 1.1, alínea c), deste real decreto forman parte do Sistema de notificación de sucesos xestionado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para cuxo efecto as organizacións que realicen as ditas actividades, así como os seus traballadores ou persoal contratado, están suxeitos, ademais de ao disposto neste real decreto, ao cumprimento do disposto no Regulamento:

a) En materia de notificación obrigatoria, conforme o seu artigo 4, números 1, 2, 6, 7 e 8.

b) En materia de notificación voluntaria, segundo o establecido no seu artigo 5, números 1, 4, 6 e 7.

As organizacións poderán integrar a información recibida das notificacións voluntarias e obrigatorias, conforme o previsto no artigo 5.8 do Regulamento.

c) En relación coa recollida e conservación da información, conforme o previsto no seu artigo 6, números 1, 2 e 5.

d) Sobre calidade e contido das notificacións de sucesos, segundo dispón o seu artigo 7, números 1 a 4, ambos incluídos.

e) En materia de análise e seguimento, conforme o seu artigo 13, números 1 a 4, ambos incluídos.

f) Sobre confidencialidade e uso de adecuado da información, segundo establece o seu artigo 15, números 1 e 2.

g) En relación coa protección da información, segundo o seu artigo 16, números 1, 2, 7, 9, 10 e 11.

Ademais, as ditas organizacións, así como os seus traballadores ou persoal contratado, poderán solicitar acceso a determinados datos contidos no Repositorio central europeo, nos termos previstos no Regulamento, cando proceda conforme este.

2. As obrigacións previstas no número 1 non serán exixibles en relación con sucesos e con outras informacións relativas á seguridade que impliquen as aeronaves non tripuladas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, cuxa operación non precise un certificado de aeronavegabilidade, salvo se o suceso ou outras informacións relativas á seguridade que impliquen as ditas aeronaves non tripuladas causan lesións mortais ou graves a unha persoa ou implicaron outras aeronaves distintas das aeronaves non tripuladas.

3. As persoas físicas deberán notificar os sucesos mediante o sistema establecido pola organización que as emprega ou, en caso de que a organización non dispoña del, mediante o Sistema de notificación de sucesos (SNS) da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Disposición adicional primeira. *Actualización de referencias.*

1. Deben entenderse realizadas ao Regulamento (UE) n.º 376/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, e a este real decreto as seguintes referencias do Real decreto 750/2014, do 5 de setembro, polo que se regulan as actividades aéreas de loita contra incendios e busca e salvamento e se establecen os requisitos en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas:

a) Á Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2003, relativa á notificación de sucesos na aviación civil;

b) Ao Regulamento (CE) n.º 1321/2007 da Comisión, do 12 de novembro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación para a integración nun depósito central da información sobre sucesos da aviación civil intercambiada de conformidade coa Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello;

c) Ao Regulamento (CE) n.º 1330/2007 da Comisión, do 24 de setembro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación para a difusión ás partes interesadas da información sobre sucesos da aviación civil a que se refire o artigo 7, número 2, da Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Así mesmo, as referencias contidas no Real decreto 750/2014, do 5 de setembro, ao Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea e se derrogan a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, deben entenderse realizadas ás disposicións correspondentes do Regulamento (UE) 2018/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2018, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 2111/2005, (CE) n.º 1008/2008, (UE) n.º 996/2010, (CE) n.º 376/2014 e as directivas 2014/30/UE e 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 552/2004 e (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (CEE) n.º 3922/91 do Consello.

3. As referencias á Comisión de Estudo e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo (CEANITA) deberán entenderse realizadas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Disposición adicional segunda. *Grupo de traballo de expertos.*

1. No marco dos mecanismos de cooperación previstos no artigo 2.3, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, constituirá un grupo de traballo de expertos, designados polas organizacións e colectivos profesionais do ámbito da seguridade operacional, que colaborarán coa Axencia na análise dos sucesos ou grupo de sucesos da aviación civil e das eventuais medidas que poidan contribuir a previr ou mitigar os riscos, cando esta o requira.

O grupo estará facultado para propoñer á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a análise de determinados sucesos ou grupos de sucesos, así como outras áreas de interese no ámbito da seguridade aérea, a través dos mecanismos de cooperación que se articulen conforme o previsto no artigo 2.3.

Así mesmo, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, en consulta co grupo, establecerá o sistema de acceso dos expertos á información da base de datos nacional de sucesos necesaria para prestar a cooperación prevista nesta disposición. Este sistema será equivalente ao previsto no artigo 11 do Regulamento, para cuxo efecto os expertos serán considerados partes interesadas na súa condición de profesionais da investigación no exercicio das ditas funcións de cooperación.

A actividade de grupo de traballo de expertos, en canto integrada no Sistema nacional de notificación de sucesos, está incluída no marco do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil.

2. Para a designación dos expertos que se integrarán no grupo contarase, entre outros, cos provedores designados en espazo aéreo baixo responsabilidade española para a provisión de servizos de tránsito aéreo, co Colexio Oficial de Pilotos da Aviación Comercial, coa organización representativa de controladores de tránsito aéreo, así como coas asociacións máis representativas dos colectivos profesionais e provedores concernidos polos sucesos.

Estas organizacións designarán os expertos atendendo exclusivamente á súa experiencia profesional.

3. Os expertos designados participarán no grupo de traballo na súa calidade de expertos e non como representantes das respectivas organizacións, e estarán obrigados polo deber de reserva previsto no artigo 18 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, segundo o disposto no seu número 2, alínea c).

4. O grupo de expertos reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano e, entre outros asuntos, abordará as tendencias máis significativas dos sucesos ou grupos de sucesos e aqueles particularmente máis relevantes.

Disposición adicional terceira. *Cooperación das organizacións suxeitas ás obrigacións do Sistema de notificación de sucesos.*

As organizacións establecidas en España suxeitas ás obrigacións do Sistema de notificación de sucesos nas cales presten servizos os expertos designados para a participación no grupo de traballo de expertos previsto na disposición adicional segunda non obstaculizarán a dita participación e adoptarán as medidas razoables para facilitala.

Disposición adicional cuarta. *Procedementos de cooperación para a análise dos sucesos da aviación civil en que interveñan aeronaves militares, os sistemas aeroportuarios e de navegación aérea e os servizos, actividades e instalacións adscritos á defensa nacional, así como o seu persoal.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea e o Estado Maior do Exército do Aire acordarán os procedementos de cooperación que procedan para analizar os sucesos da aviación civil en que interviñese unha aeronave ou dependencia militar.

Nestes procedementos estableceranse os supostos en que se recolla a participación na dita análise das organizacións e colectivos concernidos polo correspondente suceso.



Sen prexuízo do anterior, para solicitar a participación das organizacións e colectivos profesionais na análise deste tipo de sucesos será necesario contar coa autorización previa do Estado Maior do Exército do Aire para cada sucesos.

2. Ademais, os procedementos de cooperación a que se refire o número 1 recollerán os supostos e mecanismos de transmisión da información sobre as medidas de prevención e mitigación do risco que adopte a Axencia Estatal de Seguridade Aérea por se poden ser de interese para a prevención.

3. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, determinaranse os procedementos de cooperación establecidos nesta disposición, para adaptarse ao regulado neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Medios persoais e materiais.*

As medidas incorporadas neste real decreto non supoñen incremento das asignacións orzamentarias nin de dotacións ou retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición derogatoria. *Norma derogatoria.*

Derróganse o Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro, polo que se establece o Sistema de notificación obrigatoria de sucesos na aviación civil, e a Orde PRE/697/2012, do 2 de abril, pola que se establecen as normas de funcionamento da Comisión de Estudo e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo, así como calquera disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste real decreto.

Ademais, do Real decreto 995/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolve a regulación do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil, derróganse as súas disposicións adicionais primeira e cuarta, e do Real decreto 750/2014, do 5 de setembro, derróganse, do seu anexo III, a epígrafe TAE.ORO.GEN.160, a alínea d), e do seu anexo IV, a epígrafe TAE.SPO.GEN.105, a alínea h).

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea.*

Modifícase o artigo 26, alínea g), do Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, que queda redactado nos seguintes termos:

«g) Notificar á Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil os accidentes e incidentes graves definidos no Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE.»

Disposición derradeira segunda. *Exixibilidade das obrigacións sobre notificación de sucesos nas actividades de loita contra incendios e busca e salvamento.*

1. Ata que transcorran catro meses desde a entrada en vigor deste real decreto, ás organizacións a que se refire o artigo 4 non lles serán exixibles as obrigacións sobre establecemento dos sistemas de notificación, obrigatoria e voluntaria, de sucesos; contido mínimo da notificación, establecemento de procedementos de control da calidade dos datos e formatos das bases de datos, así como sobre protección da información mediante

a adopción de normas internas, segundo se establece, respectivamente, nos artigos 4, número 2; 5, número 1; 7, números 1, 3 e 4; e 16.11, do Regulamento.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 4.1, alínea d), en relación coa clasificación de riscos no contido das notificacións de sucesos, esta non será exigible ata que entren en vigor os actos delegados e de execución da Comisión Europea que especifiquen e desenvolvan o Sistema europeo común de clasificación de riscos previsto no artigo 7.2 do Regulamento.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase no exercicio das competencias exclusivas do Estado en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, conforme o previsto no artigo 149.1. 20.ª da Constitución española.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Habíltanse o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto e, conxuntamente, os ministros de Defensa e de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o desenvolvemento do previsto na súa disposición adicional cuarta.

Disposición derradeira quinta. *Medidas de execución.*

Para facilitar a aplicación deste real decreto, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá adoptar medios aceptables de cumprimento e material guía.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO